



Exp214/2024/

RESOLUCION

Co obxectivo de previr posibles accidentes e actuar da forma máis axeitada en cada situación e así prestar a axuda en primeiros auxilios que requira a persoa accidentada, o Concello de Pazos de Borbén organiza o curso de “primeiros auxilios” que se desenvolverá os días 17,18,19,22 e 23 de abril de 2024 en horario de 16:00 a 20:00 horas, no salón de actos do Concello de Pazos de Borbén.

Visto o RC de data 16/02/2024 e nº de operación 153 na partida 311 / 22799 OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR do orzamento vixente

En consecuencia, en aplicación das competencias municipais a que fan referencia os artigos 25.2 f) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e das competencias que me corresponden en aplicación do artigo 21 do mesmo texto legal,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e as seguintes bases:

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS

Base primeira: Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é ofertar o curso de primeiros auxilios destinado a persoas maiores de 18 anos coa finalidade dar as ferramentas e a formación para que no caso de accidentes ou enfermidade súbita antes da chegada dos servizos médicos. Estes primeiros auxilios poden ser a diferenza entre a vida e a morte, polo que é vital que as persoas saiban actuar e aplicar as técnicas adecuadamente. Por elo consideramos importante actuar nesta materia e que se apliquen en situacións de emerxencia. Con esta formación preténdese dar ferramentas para salvar vidas.

O Curso de primeiros auxilios ten unha duración de 20 horas repartidas en 4 horas diarias cos seguintes contidos:

- 1.- fundamentos básicos dos primeiros auxilios.
- 2.- Nocións mínimas sobre as técnicas de reanimación cardio pulmonar.

Base segunda: Prazas

O número de prazas é de 15.

Base terceira: Persoas destinatarias

Poderán solicitar praza para o curso de primeiros auxilios as persoas maiores de 18 anos (inclusive), cos seguintes criterios de selección:

- En primeiro lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas que estean empadroadas no mesmo.
- En segundo lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas non empadroadas no mesmo.

Base cuarta. Datás e lugar de realización

As datás de realización do curso son 17,18,19,22 y 23/04/2024 en horario de 16:00h a 20:00h. No salón





de actos do Concello de Pazos de Borbén.

Base quinta. Presentación, lugar e prazo das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Pazos de Borbén presencial ou por vía electrónica, mediante unha instancia xeral facendo constar que se fai solicitude do curso de primeiros auxilios. O Concello de Pazos de Borbén comprobará de oficio o empadramento das persoas solicitantes. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 27/03/2024.

O formulario de solicitude estará a disposición das persoas solicitantes na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>, e nas oficinas *nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén*.

Base sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

A relación de persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión), será publicada na web, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pazos de Borbén a partir do 01/04/2024, dándoselles un prazo de 3 días hábiles para reclamacións.

Base sétima. Prezo do curso.

O custe do curso é de balde.

Base oitava. Adxudicación das prazas.

O proceso de adxudicación levarase a cabo na seguinte orde:

1º Persoas empadroadas no Concello de Pazos de Borbén, segundo orde de entrada no rexistro.

2º Persoas non empadroadas, segundo orde de entrada no rexistro.

Base novena. Publicidade do curso.

As bases que rexen esta convocatoria xunto coa instancia de solicitude estarán a disposición das persoas interesadas no Departamento de Emprego e desenvolvemento local do concello de Pazos de Borbén, na páxina web do concello e na sede electrónica do concello <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>.

Para máis información: Concello de Pazos de Borbén en horario de 9:00 a 14:00 horas, no teléfono 986497035 e no correo electrónico aedl@pazosdeborben.org.

Base décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan este curso terán vixencia ata o seu remate.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital do concello a efectos de que comece o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes polos interesados.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de desenvolvemento local aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO. DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.

